**Formación profesional**

## Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

| Código | Centro | Curso académico |
|---|---|---|
| 15022620 | IES DE CURTIS | 2019-2020 |

### Ciclo formativo

| Código | Nome |
|---|---|
| CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |

### Módulo profesional

| Código | Nome |
|---|---|
| MP0459 | FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL |

### Alumnado

| Réxime | Modalidade | Grupo |
|---|---|---|
| ORDINARIO | PRESENCIAL-ORDINARIO | 1º CM -GRUPO A |

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

| Nome e apelidos |
|---|
| Mª CARMEN FERNÁNDEZ CASTRO |

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

| Nº | Unidade didáctica |
|---|---|
| 2 | RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. |

| Resultado de aprendizaxe | Criterio de avaliación | Imprescindible (si, non) | Desenvolverase neste curso (si, non) | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|
| ▪ RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | ▪ CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |


FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |
| ▪ | ▪ CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución. | SI | NON | ---------------------- |
| ▪ | ▪ CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo. | NON | NON | -------------------------- |

| Nº | Unidade didáctica |
|---|---|
| **3** | **A Seguridade Social e as súas prestacións** |

| Resultado de aprendizaxe | Criterio de avaliación | Imprescindible (si, non) | Desenvolverase neste curso (si, non) | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións. | ▪ CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como piar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía. | SI | NON | ------------------------------ |
| ▪ | ▪ CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social. | SI | NON | -------------------------------- |
| ▪ | ▪ CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa. | SI | NON | -------------------------------- |
| ▪ | ▪ CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos. | SI | NON | ----------------------- |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. | SI | NON | ------------------- |

| Nº | Unidade didáctica |
|---|---|
| 4 | O proceso de inserción laboral |

| **Resultado de aprendizaxe** | **Criterio de avaliación** | **Imprescindible (si, non)** | **Desenvolverase neste curso (si, non)** | **Instrumento de avaliación** |
|---|---|---|---|---|
| ▪ RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | ▪ CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ CA4.2 Tomouse concienciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |
| ▪ | ▪ CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. | SI | NON | ----------------------- |
| ▪ | ▪ CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. | SI | NON | -------------------------- |
| ▪ | ▪ CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |
| ▪ | ▪ CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |
| ▪ | ▪ CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. | SI | SI | Realización de traballos de carácter escrito (resolución de exercicios prácticos, preguntas de teorías, resumos, traballos de investigación). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ | ▪ CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. | NON | NON | ------------------------- |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Introdución-xustificación

No cadro anterior reflíctese parte do programa que se vai a seguir impartindo, tendo que conta que quedaban pendentes dúas unidade didáctica das programadas inicialmente.

Neste caso considerase que é mellor traballar en aqueles contidos de ampliación que permitan acadar a competencia xeral do ciclo, e tendo en conta que a ampliación está permitida nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu punto 6.3 dispón 6.3. dispón o seguinte: "*A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente*".

Renunciarse por tanto impartir a Unidade didáctica núm 3 (Seguridade Social), posto que implicaría un maior esforzo por parte dos alumnos que a situación excepcional na que estamos inmersos non o aconsellan.

Por tanto os mínimos esixibles serán os incorporados á programación anual do módulo, que á súa vez son os que recollen Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son os establecidos no Decreto 27/2010, que regula o curriculo d o técnico en sistemas microinformáticos e redes, que establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en electromecánica e mantemento de vehículos automóbiles. Ditos mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflexados como resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa., agás os correspondentes á Unidade didáctica núm 3 (Seguridade Social),

## 5-1 Procedementos de avaliación

A avaliación e cualificación adaptouse, tendo en consideración que se realiza sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo nesta etapa en todas as etapa da ESO, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O módulo de Formación e Orientación Laboral avaliarse do seguinte xeito:

## 5.2- Criterios e instrumentos de cualificación:

### a) Instrumentos de cualificación

### a-1) Para os contidos **impartidos na terceira avaliación** relacionados cos aprendizaxes imprescindibles:

Tendo en conta a situación tan excepcional que estamos a vivir, que trastocou todos os ámbitos da nosa vida, e tamén por tanto a académica, como medida flexibilizadora e co fin de axudar a acadar os obxectivos do módulo ao alumnado que fixo un seguimento continuado do curso académico durante os dous primeiros trimestres do curso, só se usarán as Tarefas avaliables que se propoñan durante o terceiro trimestre para avaliación dos contidos teóricos, que serán avaliadas a través das correspondentes táboas de observación. Estas tarefas serán enviadas aos alumnos a través dos medios telemáticas previstas (correo electrónico e google-drive), sinalándose uns prazos de entrega.

### a-2) Para a recuperación dos contidos **pertencentes á primeira e segunda avaliación**:

Para a recuperación das tarefas avaliables da primeira avaliación e da segunda avaliación, planificáronse unha serie de unha tarefa de recuperación, consistentes na realización dunha serie de preguntas de diversa tipoloxía (curtas, longas e supostos prácticos) a realizar e entregar dentro das datas sinaladas ao efecto.

## b) Criterios de cualificación

**Tendo como premisa o disposto nas Instrucións de 27 de abril que dispón** *"A avaliación e cualificación realizarase, tendo en consideración que se realiza sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.*

**Avaliación da 3ª avaliación:**

A nota da 3ª avaliación obterase da media aritmética obtida da notas que se obteñan da realización das seguintes tarefas avaliables (traballos e tarefas):

- Tarefas correspondentes ao repaso dos Temas 7 e 8.
- Traballos correspondentes á 2º Unidade didáctica que quedaba pendente (que corresponde cos temas 9 e 10 do libro).
- Traballos correspondentes ao tema 12 do libro (Unidade didáctica núm 4: o proxecto de inserción laboral).

Cada tarefa que se presente puntuarase do 1 ao 10 e será necesario obter un mínimo de 4 puntos en cada unha das actividades que se presenten para poder ser avaliadas.

Ademais será imprescindible ter presentado en tempo e prazo todas as actividades que se vaian indicando.

**CUALIFICACIÓN FINAL DE MÓDULO:**

**A) PARA AQUELES ALUMNOS QUE TEÑAN TODAS AS AVALIACIÓNS APROBADAS**

Para considerar superado o módulo de Formación e Orientación Laboral será necesario que o alumno acada un mínimo de 5 puntos, que se calculará do xeito que se indica a continuación

Nesta 3ª avaliación para os alumnos que teñan as dúas avaliacións aprobadas a súa calificación virá dada pola seguinte expresión:

Media aritmética das notas da 1ª e 2ª avaliación + 20% da nota obtida na 3ª avaliación

Por tanto a nota final será a que resulte da seguinte fórmula:

**(Nota 1ª avaliación +Nota 2ª avaliación) / 2) + 20 % da nota obtida da 3ª avaliación, redondeada por exceso ou por defecto ao decimal máis próximo.**

**B) ALUMNOS CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS**

**Actividades durante o 3ª trimestre**

Os alumnos que no consigan recuperar durante o terceiro trimestre,  programaranse actividades de recuperación, actividades que serán similares ás realizadas ao longo do 3ª trimestre, consistentes en:

- Preguntas tipo test,
- Traballos de investigación,
- Resolución de supostos prácticos
- Preguntas curtas e desenvolvemento sobre os contidos, etc..

Os devanditos traballos serán puntuados do 1 ao 10, a través da correspondente táboa de observación, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos en cada un dos traballos para poder seren avaliados.

**A súa nota final será a media aritmética das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións á que se se lle engadirá o resultado do 20% da nota obtida nas actividades da 3ª avaliación.**

**Fórmula para o cálculo da nota final: (nota 1ª avaliación + nota 2ª avaliación)/2 + 20% da nota obtida na 3ª avaliación.**

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

| Nº | Unidade didáctica | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | A prevención de riscos laborais. | | | |
| 1ª aval. | 2ª aval. | Resultado de aprendizaxe | Criterio de avaliación | Instrumento de avaliación |
| X | | ▪ RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. | ▪ CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora. | • TO.1 - Plan de prevención |
| X | | ▪ RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector do transporte e mantemento de vehículos. | ▪ CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras. | • PE.1 - Proba escrita |
| X | | ▪ RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. | ▪ CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. | • TO.2 - Plan de prevención |
| X | | ▪ RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | ▪ CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. | • PE.2 - Proba escrita |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **X** | | ▪ | ▪ CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. | • PE.3 - Proba escrita |
| **X** | | ▪ | ▪ CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector do transporte e mantemento de vehículos | • PE.4 - Proba escrita |
| **X** | | ▪ | ▪ CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais. | • PE.5 - Proba escrita. |
| **X** | | ▪ | ▪ CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | • TO.3 - Plan de prevención |
| **X** | | ▪ | ▪ CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles. | • PE.6 - Proba escrita |
| **X** | | ▪ | ▪ CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | • TO.4 - Plan de prevención |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ | ▪ CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | • TO.5 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade. | • TO.6 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa. | • TO.7 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais. | • PE.7 - Proba escrita |
| X | | ▪ | ▪ CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos. | • PE.8 - Proba escrita |
| X | | ▪ | ▪ CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais. | • PE.9 - Proba escrita |
| X | | ▪ | ▪ CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia. | • TO.8 - Plan de prevención |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ | ▪ CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén. | • TO.9 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | • TO.10 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título. | • TO.11 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. | • PE.10 - Proba escrita |
| X | | ▪ | ▪ CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos. | • TO.12 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas. | • TO.13 - Plan de prevención |
| X | | ▪ | ▪ CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. | • PE.11 - Proba escrita |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| X | | ▪ | ▪ CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade. | • PE.12 - Proba escrita |
| X | | ▪ | ▪ CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias. | • PE.13 - Proba escrita |

| Nº | Unidade didáctica | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2 | **A relación laboral** | | | |
| **1ª aval.** | **2ª aval.** | **Resultado de aprendizaxe** | **Criterio de avaliación** | **Instrumento de avaliación** |
| | X | ▪ RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | ▪ CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo. | • PE.1 - Proba escrita,e actividades da clase |
| | X | ▪ | ▪ CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais. | • PE.2 - Proba escrita,e actividades da clase |
| | X | ▪ | ▪ CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo. | • PE.3 - Proba escrita,e actividades da clase |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | X | ▪ | ▪ CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos. | • PE.4 - Proba escrita,e actividades da clase |
| | X | ▪ | ▪ CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral. | • PE.5 - Proba escrita,e actividades da clase |
| | X | ▪ | ▪ CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles. | • PE.6 - Proba escrita.Exame |
| | X | ▪ | ▪ CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. | • PE.7 - Proba escrita.EXame |

## 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para avaliar a aqueles alumnos que teñan avaliacións ou partes do módulo suspenso estableceranse dous momentos para as actividades de recuperación:

- Durante o 3º trimestre (tal e como se explicou anteriormente).

O proceso de recuperación será o seguinte:

Establécense catro bloques de contidos a recuperar, asociados cada un deles a un ou varios resultado de aprendizaxe:

- Bloque de prevención de riscos laborais (temas 1-4 do libro de texto)
- Bloque de relación laboral (temas 5-6-7-8)
- Bloque de tema 9-10
- Bloque de orientación laboral (tema 12)

De cada parte iránselle enviando a cada alumno actividades e traballos de recuperación vía telemática (correo electrónico) con fixación de prazos de entrega das devanditas tarefas.

As tarefas avaliables serán similares ás realizadas ao longo do curso e do derradeiro trimestre:

- Baterías de preguntas tipo test
- Preguntas curtas e desenvolvemento
- Traballos de investigación
- Supostos prácticos

As devanditas tarefas serán avaliadas do 1 ao 10, sendo necesario obter un mínimo dun 4 en cada unha delas para ser avaliadas.

Será imprescindible ter presentado as actividades dentro dos prazos indicados para obter unha avaliación positiva.

A cualificación final de módulo será a mesma que para o resto de alumnos:

**A súa nota final será a media aritmética das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións á que se se lle engadirá o resultado do 20% da nota obtida nas actividades da 3ª avaliación.**

**Fórmula para o cálculo da nota final: (nota 1ª avaliación + nota 2ª avaliación)/2 + 20% da nota obtida na 3ª avaliación.**

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

No actual curso 2029/2020, non se lle tramitou a ningún alumno a perda do dereito á avaliación continuo.
No obstante, aplicaríase o previsto na programación didáctica, agás que cambia o instrumento de avaliación, que en caso de non poder realizarse unha proba presencial por mor das circunstancias sanitarias, realizaráselle un exame on line ou tarefa avaliable, cun tempo limitado para a súa realización.
A devandita actividade será calificada o un ao 10, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para considerar superado o módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aquele alumnos que polas circunstancias actuais se acredite que no dispón de medios telemáticas, (sempre e cando este feito fora debidamente comunicado por parte do alumno ao equipo docente, ou a centro educativo e así conste debidamente), flexibilizaranse os criterios e instrumentos de avaliación, ampliación dos prazos de entrega, simplificación as tarefas, facilitación de recursos, materiais, apuntamentos.....e sempre que teñan amosado unha actitude activa e participa.